



III

*A formación dos substantivos e do adxectivos***LEMBRA!**

A derivación é un mecanismo de formación de palabras polo ao que a un lexema se lle engaden morfemas por diante (prefixos) e por detrás (sufixos): zapat-aría.

A composición é outro procedemento de formación de palabras que consiste en unir dúas palabras xa existentes: crebacabezas.

EXERCICIOS

Indicacións: estas actividades son para facer no caderno, non neste documento. O que teredes que subir a Google Classroom como resposta será a foto cos exercicios feitos na vosa libreta.

1. Separa o prefixo destas palabras e despois clasifícaos segundo indiquen negación, situación ou repetición:

- intranquilidade
- reelaborar
- reafirmar
- subterráneo
- antiaéreo
- imposible
- desfacer
- ilexible
- superposto

Clasificación dos prefixos		
Negación	Situación	Repetición

2. Sinala os sufixos das seguintes palabras e une cada un co seu significado. Despois, escribe dúas palabras máis nas que empregues todos os sufixos das seguintes verbas:

- | | |
|-----------------|---|
| 1. toleada | a. Sufixo xentilicio: propio dun lugar ou país. |
| 2. cochazo | b. Sufixo que indica pequeno tamaño ou afectividade. |
| 3. cristianismo | c. Sufixo que indica acción ou cousa propia de. |
| 4. italiano | d. Sufixo que indica tamaño grande. |
| 5. carpinteiro | e. Sufixo que indica profesión ou oficio. |
| 6. libriño | f. Sufixo que indica movemento ou corrente relixiosa. |

3. Continúa as series engadindo tres palabras que se relacionen polo seu sufixo:

- a. Xeseiro, carpinteiro...
- b. Taxista, trapecista...
- c. Varredor, condutor...
- d. Bibliotecario, boticario...

4. Fíxate nas seguintes listas de palabras e explica o significado dos prefixos que a forman. Despois, engade dúas palabras máis en cada lista:

- a. Extrasuave, extraterrestre, extrafino...
- b. Intranquilo, inmortal, innegable...
- c. Subtítulo, subdirectora, subterráneo...

MATERIAIS DE APOIO

Libro de texto: Unidade didáctica 8, apartado 2, léxico: a formación do substantivo e do adxectivo.

Data límite de entrega: 25 de marzo de 2020